Establécese como rendimento normal ou habitual da persoa traballadora, a efectos do preceptuado no artigo 54.2 apartado e) E.T., o que este viñese obtendo en precedentes períodos de tempo, podéndose considerar como período para determinar o devandito rendimento normal, un mínimo dun mes e un máximo dun ano. Cando non exista medio de comparación propio dun posto de traballo, considerarase como rendimento normal o que obteñan outras persoas traballadoras no mesmo posto ou similar.

O período de tempo para determinar que existe continuidade no baixo rendimento a que se refire o devandito artigo 54.2 apartado e) ET, será diferente segundo que se trate dunha persoa traballadora ou ben afecte a un grupo de persoas traballadoras, máxime se como consecuencia diso se derivase escándalo ou producise indisciplina ou incitación a outras persoas traballadoras a secundar tal actitude.

No que se refire ás persoas traballadoras que ocupan postos non cronometrados e cando se trate dun caso illado, será necesario, para considerar continuidade suficiente no baixo rendimento, que este se produciu no período dun mes despois de ser apercibido.

Art. 26) Comisión Paritaria de Tempos

Para atender sobre as reclamacións individuais nadas da aplicación do sistema de análise e control de rendementos persoais, existirá unha Comisión Paritaria de Tempos, composta por 4 membros representantes da dirección (dous titulares e dous suplentes) e 4 membros do Comité de Empresa (dous titulares e dous suplentes).

De entre, e polos compoñentes da Comisión, elixirase un presidente/a e un secretario/a, cuxos cargos deberán recaer en membros de ambas as dúas representacións.

Todos os membros titulares da devandita Comisión disporán de vinte horas retribuídas ao mes para o desempeño das súas funcións.

Reunións da Comisión Paritaria: haberá dous tipos de reunións, ordinarias e extraordinarias. As ordinarias terán lugar cada 3 meses dentro da súa primeira quincena. Terán carácter de Extraordinarias as convocadas a iniciativa xustificada de calquera das dúas representacións.

Todas as reunións, tanto ordinarias como extraordinarias, deberán ser convocadas polo presidente/a e secretario/a con un prazo de 48 horas de antelación, con indicación de lugar de reunión, día, hora e orde do día.

A Comisión Paritaria enviará informe de todas as reunións que celebre, ao Comité de Empresa e á Dirección da mesma.

De solicitalo, a Comisión Paritaria será informada dos rendementos obtidos polos diferentes talleres de fábrica en cada unha das quincenas do ano.

B) Condicións económicas

Art. 27) Salarios

Para o ano 2023 os salarios de la fábrica experimentarán un aumento do 4,5%, que se aplicará de forma proporcional para todas as persoas traballadoras e sobre os salarios e primas.

Para o ano 2024 os salarios de la fábrica experimentarán un aumento do 4, que se aplicara de forma proporcional para todas as persoas traballadoras e sobre salarios e primas.

Para o ano 2025 os salarios de la fábrica experimentarán un aumento do 3%, que se aplicará de forma proporcional para todas as persoas traballadoras e sobre salarios e primas.

Para o ano 2026 os salarios de la fábrica experimentarán un aumento do 2,5%, que se aplicará de forma proporcional para todas as persoas traballadoras e sobre salarios e primas. Este porcentaxe poderá chegar ata o 3% (como tope máximo) en caso de que o IPC interanual do exercicio anterior (2025) supere o 2,5%.

a) Retribución grupo profesional de nivel profesional de taller

Componse de salarios convenio, prima de produción (nos casos establecidos) e prima de posto (nos casos establecidos).

O salario convenio, que con carácter de mínimo corresponde a cada nivel profesional en 2023, é o seguinte:

Nivel profesional 1: 1.009,0742 euros bruto/mes

Nivel profesional 2: 1.074,7458 euros bruto/mes

Nivel profesional 3: 1.235,7886 euros bruto/mes

Nivel profesional 4: 1.246,4248 euros bruto/mes

Nivel profesional 5: 1.257,0610 euros bruto/mes

Nivel profesional 6: 1.267,6972 euros bruto/mes

Nivel profesional 7: 1.299,9330 euros bruto/mes

Nivel profesional 8: 1.315,8600 euros bruto/mes

Nivel profesional 9: 1.331,7598 euros bruto/mes



Nivel profesional 10: 1.347,6595 euros bruto/mes

Nivel profesional 11: 1.378,5863 euros bruto/mes

Nivel profesional 12: 1.388,3497 euros bruto/mes

Nivel profesional 13: 1.524,7929 euros bruto/mes

Nivel profesional 14: 1.601,4008 euros bruto/mes

Nivel profesional 15: 1.675,7177 euros bruto/mes

Nivel profesional 16: 1.586,6465 euros bruto/mes

Nivel profesional 17: 1.663,2816 euros bruto/mes

Nivel profesional 18: 1.737,5712 euros bruto/mes

b) Retribución grupo profesional nivel administrativo e técnico

Táboa de retribucións mínimas

Grupo administrativo

Xefe/a administrativo/a 1ª: 37.310,3518 euros brutos/ano

Xefe/a administrativo/a 2ª: 33.179,1475 euros brutos/ano

Oficial administrativo/a 1ª: 29.875,5091 euros brutos/ano

Oficial administrativo/a 2ª: 25.333,0148 euros brutos/ano

Auxiliar administrativo/a: 23.268,2324 euros brutos/ano

Grupo técnico

Técnico/a de taller:

Contramestre: 33.179,1475 euros brutos/ano

Encargado/a: 29.875,5091 euros brutos/ano

Técnicos/as de organización:

Xefe/a organización 1ª: 37.310,3518 euros brutos/ano

Xefe/a organización 2ª: 34.418,0147 euros brutos/ano

Técnico/a organización 1ª: 31.114,3763 euros brutos/ano

Técnico/a organización 2ª: 28.223,7461 euros brutos/ano

Auxiliar de organización: 25.539,5077 euros brutos/ano

Técnicos/as titulados:

Enxeñeiro/a: 33.179,1475 euros brutos/ano

Licenciado/a: 33.179,1475 euros brutos/ano

Enxeñeiro/a técnico/a: 28.223,7461 euros brutos/ano

Graduado/a social: 28.223,7461 euros brutos/ano

Art. 28) Complemento de puntualidade e prima de asistencia

Para todos os grupos profesionais, a súa aplicación manterase de acordo cos criterios actuais, sobre as horas ordinarias, sendo o seu valor, para o 2023 de 4,8173 €/día e para os anos 2024, 2025 e 2026 incrementarase nos porcentaxes acordados no artigo 27.

Estes complementos e primas, perderanse seguindo o seguinte criterio:

Primeira falta de puntualidade ou asistencia, o -25%, segunda o -50%, terceira o -75% e cuarta o -100%. do importe bruto mensual.

Art. 29) Primas de produción directa

As primas de produción directa se devindicarán e aplicarán segundo o establecido no artigo 32 deste texto, seguindo o criterio:

Para o ano 2023, o minuto producido terá un valor de 0,0583 euros, até 54 minutos hora (Kb. 0,90) e de 0,0633 euros para os minutos hora que excedan de 54, ou, o que é o mesmo, aplicaranse as fórmulas seguintes:

Até: Kb 0,90 Prima= 3,4975 euros x Kb euros/hora

Desde Kb 0,91 Prima= 3,8013 -0,2734 euros x Kb euros/hora.

E para os anos 2024, 2025 e 2026, incrementarase nas porcentaxes acordadas no artigo 27.

Art. 30) Primas de produción indirecta

(Tarifa fixa - Mantemento - Moldes)

Para o ano 2023, pagaranse de acordo co coeficiente de rendemento obtido e mediante a aplicación da fórmula seguinte:

Prima en Euros/hora = 2,6183 x coeficiente + 1,0035 euros/h.

E para os anos 2024, 2025 e 2026 incrementarase nas porcentaxes acordadas no artigo 27.

Art. 31) Primas de cualificación de postos do nivel 1 ao nivel 11

Para o ano 2023, devéñanse sobre os tempos establecidos no artigo 32 e a partir, como é habitual, do rendemento Kb = 0,75, cos valores seguintes:

- 1.....0,0549 euros/hora producido
- 2.....0,0957 euros/hora producido
- 3.....0,1920 euros/hora producido
- 4.....0,3694 euros/hora producido
- 5.....0,5203 euros/hora producido
- 6.....0,7239 euros/hora producido
- 7.....0,9000 euros/hora producido
- 8.....1,1029 euros/hora producido
- 9.....1,3061 euros/hora producido

A prima fixa de cualificación de posto establécese en:

Para nivel profesional 12 = 1,1242 euros/h.

E para os anos 2024, 2025 e 2026, incrementarase nas porcentaxes acordadas no artigo 27.

Art. 32) Aplicación das primas de produción ao grupo profesional de nivel profesional de taller

Aplicaranse, como é habitual, sobre:

- a) Tempos efectivos de traballo, co valor correspondente ao rendemento realizado individual ou colectivamente.
- b) Tempos de descanso ao valor mínimo garantindo ($K_b = 0,60$) no persoal afectado.
- c) Vacacións (30 días) ó a súa proporción.
- d) Pagas extraordinarias de xullo e Nadal (25 días) ó a súa proporción, nos tres últimos meses traballados.

Así mesmo aplicaranse sobre as horas de licenzas retribuídas conforme ao artigo 19.

Para os apartados c) e d), así como para as licenzas retribuídas, aplicaranse valores medias das primas de produción obtidas nos tres últimos meses traballados.

Art. 33) Primas de postos non cronometrados

Para o ano 2023, a prima fixa para os postos non cronometrados establececese cos seguintes valores:

Nivel profesional 1.....	433,8602 euros bruto/mes
Nivel profesional 2.....	433,8602 euros bruto/mes
Nivel profesional 3.....	433,8602 euros bruto/mes
Nivel profesional 4.....	441,3946 euros bruto/mes
Nivel profesional 5.....	448,9103 euros bruto/mes
Nivel profesional 6.....	456,4260 euros bruto/mes
Nivel profesional 7.....	479,0478 euros bruto/mes
Nivel profesional 8.....	479,0478 euros bruto/mes
Nivel profesional 9.....	479,0478 euros bruto/mes
Nivel profesional 10.....	479,0478 euros bruto/mes
Nivel profesional 11.....	479,0478 euros bruto/mes
Nivel profesional 12.....	499,3570 euros bruto/mes
Nivel profesional 13.....	533,8957 euros bruto/mes
Nivel profesional 14.....	554,0371 euros bruto/mes
Nivel profesional 15.....	570,3740 euros bruto/mes
Nivel profesional 16.....	533,8957 euros bruto/mes
Nivel profesional 17.....	554,0371 euros bruto/mes
Nivel profesional 18.....	570,3740 euros bruto/mes

Para o ano 2023, abonarase o concepto descanso cos seguintes valores:

Nivel profesional 1.....	1,2945 euros bruto/día
Nivel profesional 2.....	1,2945 euros bruto/ día
Nivel profesional 3.....	1,2945 euros bruto/ día
Nivel profesional 4.....	1,3170 euros bruto/ día
Nivel profesional 5.....	1,3394 euros bruto/ día
Nivel profesional 6.....	1,3618 euros bruto/ día
Nivel profesional 7.....	1,4293 euros bruto/ día
Nivel profesional 8.....	1,4293 euros bruto/ día
Nivel profesional 9.....	1,4293 euros bruto/ día
Nivel profesional 10.....	1,4293 euros bruto/ día
Nivel profesional 11.....	1,4293 euros bruto/ día
Nivel profesional 12.....	1,4899 euros bruto/ día
Nivel profesional 13.....	1,5929 euros bruto/ día
Nivel profesional 14.....	1,6530 euros bruto/ día
Nivel profesional 15.....	1,7018 euros bruto/ día

Nivel profesional 16.....1,5929 euros bruto/ día

Nivel profesional 17.....1,6530 euros bruto/ día

Nivel profesional 18.....1,7018 euros bruto/ día

E para os anos 2024, 2025 e 2026, incrementaranse nas porcentaxes acordadas no artigo 27.

Art. 34) Complemento por condicións especiais de traballo

Os seguintes postos relacionados terán a consideración de postos con condicións especiais e por tanto terán dereito a unha bonificación para o ano 2023 de 0,4605 €/hora de presenza efectiva nos ditos postos, estando incluído no devandito importe a parte proporcional das pagas extras e vacacións.

- Traballos en cabina de pintura
- Limpeza de cunchas
- Traballos en muíño
- Areado ou limpeza con xeo seco de moldes

E para os anos 2024, 2025 e 2026, incrementaranse nas porcentaxes acordadas no artigo 27.

Art. 35) Complemento por traballo nocturno

O complemento por traballo nocturno, nos casos aplicables, consistirá no trinta e cinco por cento do salario base, máis un sobresoldo lineal de 0,4211 euros/hora para o ano 2023.

E para os anos 2024, 2025 e 2026, se incrementará nas porcentaxes acordadas no artigo 27.

O persoal de produción e loxística cunha idade de polo menos 5 anos inferior a idade en cada momento vixente de xubilación parcial e de non haber posibilidade de xubilación parcial, como máximo aos 58 anos, gozará de preferencia a condición de que sexa posible por razóns organizativas e produtivas para no realizar noites se así o solicita.

Art. 36) Antigüidade

O valor da antigüidade para 2023 será o seguinte, por cada trienio que corresponda: 23,6996 €/bruto mes.

E para os anos 2024, 2025 e 2026, incrementaranse nas porcentaxes acordadas no artigo 27.

O complemento por antigüidade pagarase a partir do 1º de xaneiro do ano en que se cumpra cada trienio si a data de vencemento é anterior ao 30 de xuño, e a partir do 1º de xullo do ano respectivo nos casos en que o vencemento teña lugar no segundo semestre de este.

Art. 37) Complemento por xornada a quendas

É un complemento salarial de posto de traballo aplicable ao persoal que traballe en quendas rotativas de mañá e tarde ó noite.

Devindicarase sobre as horas efectivas de traballo e sobre o número de horas polo concepto prima de produción nas pagas extraordinarias e nas vacacións. O valor para o ano 2023, fíxase en 1,8562 euros brutos/día.

Para o persoal que traballa máis de tres quendas rotativas, o valor para o ano 2023, fíxase en 2,7034 euros brutos/día.

E para os anos 2024, 2025 e 2026, incrementaranse nas porcentaxes acordadas no artigo 27.

Art. 38) Horas extraordinarias

O valor da hora extraordinaria será de 0,0040 euros por cada 6,01 euros do salario anual nos conceptos: salario convenio, antigüidade e prima de produción, se é o caso, que individualmente corresponda.

A empresa deberá comunicar ás persoas traballadoras afectadas a necesidade de traballar en horas extraordinarias cunha antelación suficiente, e, cando menos, deberá efectuarse 24 horas antes do día en que deban realizarse, salvo naqueles casos considerados de forza maior.

A iniciativa do traballo en horas extraordinarias correspóndelle á empresa, sendo de libre aceptación pola persoa traballadora, coa excepción das que sexan consideradas de forza maior.

Son horas extraordinarias de forza maior, aquelas que se realicen a causa dun acontecemento extraordinario, orixinado por causas alleas á propia actividade empresarial: incendio, inundación, explosión, derribamento, etc. Así como as que veñan esixidas pola necesidade de cubrir pedidos imprevisibles e de carácter urxente ou reparar sinistros ou outros análogos cuxa non realización produza evidentes e graves perdas materiais ou prexuízos á propia empresa ou a terceiros.

Son horas extraordinarias estruturais, as que se realicen para atender pedidos ou períodos punta de produción, ausencias imprevistas ou outras circunstancias de carácter estrutural derivadas da actividade empresarial.

As horas extras realizaranse atendendo ao principio de igualdade de oportunidades de todas as persoas traballadoras da sección que deba prolongar a súa xornada e se remunerarán segundo o establecido no parágrafo primeiro, ou en horas de descanso equivalente ao dobre das horas extra realizadas, sendo a persoa traballadora a que decida a modalidade de cobro. As horas de descanso serán remuneradas como horas efectivas de traballo.

Así mesmo e co obxecto de favorecer a creación de emprego, o Comité e a Dirección da Empresa acordan que, aquelas persoas traballadoras que realicen xornadas extra en días non laborables, substitúan preferentemente, a remuneración económica por un descanso equivalente ao dobre das xornadas extra realizadas, mais o cumprimento acordado por traballo en festivo. As xornadas de descanso serán remuneradas como xornadas efectivas de traballo.

No caso de que a persoa traballadora optase polo descanso compensatorio, este deberá fixar a data de no prazo de tres meses. A non fixación de data neste prazo pola persoa traballadora daría lugar a que a empresa determine a data para o devandito descanso.

Nas horas extras que se realicen entre as 22 horas e as 6 horas do día seguinte cobrarase o correspondente complemento de nocturnidade.

A Dirección da empresa informará mensualmente ao Comité de Empresa das horas realizadas, especificando cantas son para compensar e cantas a cobrar así como o acumulado total do ano.

Acordase aboar un mínimo de 4 horas extraordinarias por dispoñibilidade para acudir a un servizo sen hora de inicio e en casos excepcionais que non sexan repetitivos no tempo.

Art. 39) Gratificacións extraordinarias

As pagas extraordinarias do mes de xullo e Nadal serán aboadas a razón de 25 días laborables e 5 festivos, cada unha delas. A empresa reterá o 15% por días de baixa, nas pagas extraordinarias do mes de xullo e novembro, a todas as persoas traballadoras que estean en situación de IT no semestre anterior.

Art. 40) Revisión salarial

Para os anos 2023, 2024 e 2025 e 2026, procederase a unha revisión salarial, non consolidable, cando se constate que o IPC Interanual correspondente a cada un destes anos superou a porcentaxe establecida no artigo 27 para cada un destes anos. O mes de referencia para este valor será o do IPC Interanual a peche de decembro de cada un destes anos.

A dita revisión salarial farase efectiva en nunha paga non consolidable, unha vez que constate fidedignamente tal circunstancia o INE, que consistirá na diferenza entre a porcentaxe de IPC Interanual e a porcentaxe establecida no artigo 27 para cada un destes anos.

Título V. Previsión e política social

Art. 41) Formación

Faurecia Automotive España, SA, fábrica de Ourense continuará potenciando as súas accións de formación destinadas ao conxunto do persoal para o seu perfeccionamento profesional e a súa adaptación permanente ás novas tecnoloxías de produción e aos novos métodos de organización e xestión.

O plan establecido para a vixencia deste convenio prevé cubrir as seguintes áreas:

- Acollida e integración
- Automatismos e novas tecnoloxías
- Organización e métodos
- Calidade
- Informática e microinformática
- Recursos Humanos
- Técnicas específicas do taller
- Idiomas
- Prevención de riscos laborais
- FES.
- IP.
- Management
- Medio
- Lei de Igualdade
- Formacións específicas e outras

A asistencia aos diferentes cursos virá determinada pola necesidade de proporcionar ao persoal os coñecementos requiridos para un desenvolvemento eficaz das súas funcións e unha correcta adaptación da evolución técnica e organizativa de la Empresa.

A Empresa proporcionará trimestralmente á representación das persoas traballadoras información sobre o grado de cumprimento do Plan de Formación.

Art. 42) Bolsas de estudo

Para o ano 2023, a empresa concederá 15.790,17 euros destinados a bolsas de estudo, coa seguinte distribución:

Euros para carreiras superiores

Euros para carreiras Medias

A definir Euros para ESO e Bacharelato

Euros para estudos primarios + FP 1º e 2º grado

Euros outros estudos (a criterio da Comisión)

E para os anos 2024, 2025 e 2026, incrementarase nas porcentaxes acordadas no artigo 27.

No caso de quedar bolsas de estudos sen conceder, estas serán aplicadas aos fillos/as das persoas traballadoras.

Para percibir o importe das bolsas de estudo será imprescindible presentar o resgardo da matrícula e a factura dos libros e materiais de ensino para os estudos indicados.



Para a selección de solicitudes crearase unha Comisión Paritaria composta por catro membros do Comité de Empresa e catro representantes da Dirección, que actuarán segundo as normas que a propia Dirección estableza, presidida por un dos representantes da Empresa con voto de calidade.

Art. 43) Vivendas

Faurecia Automotive España, S.A. Fábrica de Ourense establece un fondo de 95.000 euros, para a vixencia do convenio, como dotación para préstamos destinados á adquisición, construción e reparación de vivenda propia, que se utilice ou se vaia a utilizar como domicilio familiar, dando preferencia ás vivendas en réxime de cooperativa ou de iniciativa oficial.

Ao persoal eventual esixiráselle que, polo menos, teña acreditado un ano de antigüidade ininterrompida na empresa e o aval dunha persoa traballadora fixa de persoal.

As características principais destes préstamos serán as seguintes:

- Importe máximo 10.000 euros
- Prazo de devolución 8 anos
- Interese 1%

A Dirección establecerá as diferentes contías dos préstamos en función da situación familiar e as normas para a súa concesión.

Para a concesión dos préstamos crearase unha Comisión Paritaria composta por dous membros do Comité de Empresa e dous representantes da Dirección, presidida por un dos representantes da Empresa con voto de calidade.

Para a concesión de préstamos será esixible á persoa interesada documentación que acredite fidedignamente a adquisición, construción ou reparación de vivenda e, no caso de que sexan aportados proxectos de obra, requiriranse á persoa interesada facturas que confirmen que efectivamente realizouse a obra con posterioridade a concesión.

Art. 44) Seguro de viaxes

A empresa manterá os seguros de accidentes que actualmente ten establecidos para o persoal que, por necesidades do servizo, haxa de desprazarse a unha localidade distinta do seu centro de traballo, sendo os riscos que se cobren os de morte ou invalidez, sendo o capital asegurado o importe de 18.000 euros.

Art. 45) Seguro de vida

A empresa manterá o seguro colectivo de vida que ao seu cargo ten actualmente establecido para todo o persoal do persoal. O capital asegurado será equivalente ao salario anual, entendendo por tal, se é o caso, o salario convenio, prima de produción e antigüidade, tomando como referencia o nivel salarial de 1º de xaneiro de cada ano.

Para a vixencia deste convenio, o capital asegurado será o equivalente ao salario anual evolucionado nun 25%, e garantiranse os riscos alternativos seguintes:

- Morte natural: aboamento de capital asegurado
- Invalidez permanente total: aboamento de capital asegurado
- Invalidez Permanente Absoluta: aboamento de capital asegurado
- Gran invalidez: aboamento de capital asegurado
- Morte por Accidente: aboamento de dúas veces o capital asegurado

Para a vixencia deste convenio, aboarase un complemento lineal de 18.000 euros en caso de morte ou incapacidade derivada de accidente.

O capital mínimo asegurado ao persoal que se acolla á xubilación parcial será de 6.000 euros.

A cobertura deste seguro alcanza á totalidade do persoal fixo e eventual da empresa en situación de activo, entendendo tamén como tal a situación legal de incapacidade transitoria.

A cobertura asegurada de incapacidade permanente total farase efectiva no momento de causar baixa no persoal da empresa e do recoñecemento legal de tal situación.

Acórdase, así mesmo, que a súa cobertura se estenda até o máximo establecido no artigo 131.bis 2 da Lei da Seguridade Social, segundo a redacción dada pola Lei 42/1994, do 30 de decembro, como situación legal de invalidez provisional. Para iso é imprescindible que os afectados, no mes de xaneiro de cada ano, informen e xustifiquen ante a empresa as súas circunstancias. Nestes casos os capitais asegurados, manterán o nivel que tiñan no momento de finalización do prazo de incapacidade transitoria.

Anualmente a empresa entregará a todas as persoas traballadoras unha copia da súa póliza individual de seguro de vida e invalidez.

Art. 46) Fondo social

O fondo social terá como fines aqueles que regulamentariamente se establezan. O devandito fondo nutrirase das achegas seguintes:

- a) Da empresa: para o ano 2023 fixase o importe de 2,66 euros por cada persoa traballadora da Empresa e para os anos 2024, 2025 e 2026, incrementarase nas porcentaxes acordadas no artigo 27.
- b) Das persoas traballadoras que voluntariamente se asocien ao fondo: o importe que se acorde no regulamento do funcionamento do fondo.

As achegas da Empresa e das persoas traballadoras, se efectuaranse por meses naturais.

O regulamento concretará os seus fins e demais cuestións sendo a súa estrutura de funcionamento paritaria.

Art. 47) Prestación complementaria por incapacidade transitoria

Nas baixas por accidente laboral, ocorrido durante o tempo de presenza na fábrica, incluídos os “in itinere”, a empresa aboará desde o primeiro día de baixa e até o vixésimo día de baixa, ambos os dous inclusive, a diferenza entre as prestacións e demais remuneracións percibidas, e o 100 % do seu salario real individual.

Ao mesmo tempo, se a baixa o fose por, enfermidade ou accidente non laboral, a condición de que exista hospitalización da persoa traballadora, a empresa aboará desde o primeiro día de hospitalización e até o vixésimo día de baixa, ambos os dous inclusive, a diferenza entre as prestacións e demais remuneracións percibidas, e o 100 % do seu salario real individual.

Nos casos de I.T. por enfermidade común, a empresa aboará á persoa traballadora o 60 % do seu salario nos 3 primeiros na primeira enfermidade que a mesma teña en cómputo anual.

Art. 48) Financiamento de vehículos

Faurecia Automotive España, SA, fábrica de Ourense, manterá para a vixencia do convenio, o fondo de 33.851,22 euros como dotación para préstamos destinados á adquisición de vehículos novos ou usados.

As características principais destes préstamos serán as seguintes:

- Importe máximo: 5.000 euros
- Prazo de devolución: 6 anos
- Interese: 1,5%

Para a concesión dos devanditos préstamos terase en conta a situación familiar do solicitante, a súa antigüidade na empresa; dándose preferencia ás persoas traballadoras que carezan de vehículos sobre os que o teñan.

Ao persoal eventual esixiráselle que polo menos teña acreditado un ano de antigüidade ininterrompida na empresa e o aval dunha persoa traballadora fixa de persoal.

Durante a vixencia do convenio crearase unha Comisión Paritaria para a concesión dos préstamos, composta por dous membros representantes do comité e por outros tantos membros representantes da dirección. A comisión estará presidida por un dos representantes da dirección con voto de calidade.

Art. 49) Prevención de riscos laborais

O Comité de Seguridade e Saúde Laboral e a dirección da empresa, serán os encargados de velar polo cumprimento da Lei de Prevención de Riscos Laborais e de calquera outra lexislación nesta materia. Para isto, Faurecia Automotive España, S.A, Fábrica de Ourense, proverá os medios precisos ao seu alcance en colaboración coas persoas traballadoras, para mellorar a calidade de vida, as condicións de traballo e a formación en materias preventivas de riscos laborais.

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, constitúese como a norma básica de actuación para todas as partes implicadas en materia de prevención de riscos laborais e ao mesmo tempo manterase como principio de xestión da seguridade en toda a fábrica a integración da prevención de riscos laborais no conxunto de actividades e decisións, con este fin, para todos os sectores e coa colaboración, tanto dos delegados de prevención, como dos servizos de prevención, elaborárase un plan anual de Prevención.

Funcións do Comité de Seguridade e Saúde Laboral

O Comité entenderá daqueles problemas referentes á seguridade e saúde laboral, como son:

Examinar a frecuencia dos accidentes e enfermidades profesionais, para poder detectar os postos en que se producen e as condicións que os crean, así como coñecer as investigacións realizadas polos técnicos da empresa respecto diso.

Investigar as causas dos accidentes e das enfermidades profesionais producidas na empresa, con obxecto de evitar uns e outros, e nos casos graves e especiais, practicar as informacións correspondentes.

Solicitar a través do Servizo de Seguridade, do persoal directivo, técnico e mandos intermedios da Empresa, prohiban ou paralicen, se é o caso, os traballos en que se advirta perigo inminente de accidentes ou doutros sinistros profesionais cando non sexa posible o emprego dos medios adecuados para evitalos.

O Comité de Seguridade e Saúde Laboral terá dereito a estar asistido dentro da fábrica polos técnicos do Gabinete Técnico Provincial de Seguridade e Saúde Laboral para o estudo de calquera problema.

Así mesmo, poderá solicitar información sobre procesos, materiais e condicións ambientais relacionados con aqueles postos específicos, cuxo estudo necesite realizar.

Reunións

O Comité de Seguridade e Saúde Laboral reunirase cada 2 meses para analizar as situacións observadas polos delegados de Prevención na fábrica ou sectores desta, especialmente sobre materias de riscos potenciais, equipos de protección persoal e prácticas inseguras. E ao mesmo tempo para analizar o grao de cumprimento do Plan anual de prevención.

Tamén se poderán reunir por iniciativa, ben da Dirección da Empresa ou dos delegados de Prevención.

Plan de formación

O Plan de formación da Empresa incluírá a formación teórico- práctica necesaria en materia preventiva, tanto en aspectos xerais como específicos do posto de traballo ou funcións a desempeñar. Prestarase especial atención ao persoal de nova incorporación.

Art. 50) Sistema de clasificación profesional

Consistirá en: implantar un novo método de valoración de postos máis sinxelo e adaptado ás novas necesidades e profesionalidade derivada da evolución tecnolóxica

Procedemento de evolución profesional do nivel profesional de taller

Farase unha identificación das competencias potenciais de todas as persoas traballadoras e desenvolverase o concepto de polivalencia funcional. Enténdese como polivalencia funcional á aptitude para dominar completamente en cantidade e calidade unha etapa lóxica na fabricación dun produto destinado ao automóbil ou dun proceso produtivo.

Enténdese por etapa lóxica na fabricación dun produto destinado ao automóbil, ao conxunto ordenado e relacionado de tarefas dunha ou varias especialidades propias da técnica de fabricación destes (loxística, control, mantemento, fabricación, etc.).

Enténdese por proceso produtivo un conxunto de operacións de produción que teñen por obxecto obter ou transformar un elemento funcional dun produto destinado ao automóbil (taboleiro de bordo, parachoques, ebanisterías, pezas periféricas, etc.).

Niveis de polivalencia e a súa equiparación profesional

1º nivel polivalencia= nivel profesional 8

- Persoa que domina máis de dous postos dun proceso produtivo ou GAP

2º nivel polivalencia= nivel profesional 9

- Persoa que domina todo un proceso produtivo o GAP e ademais é capaz de formar a outros operadores na súa GAP

3º nivel polivalencia= nivel profesional 10

- Persoa que domina máis dunha GAP ou procesos produtivos de diferente tecnoloxía, e capaz de formar a outros operadores nas GAP'S que domina

Criterios de aplicación do novo sistema

Unha vez realizada e constatada a identificación das competencias potenciais dos niveis profesionais 7,8,9 e 10 asignaráselle a categoría provisional ou nivel de polivalencia que lle corresponda.

Nos casos en que a categoría profesional actual fose superior á que resultase da aplicación deste novo sistema, respectaráselle o nivel retributivo da categoría actual.

Principios de progresión até nivel profesional 10

A progresión profesional até a categoría de nivel profesional 10 baséase no principio da polivalencia funcional. Esta progresión desenvolverase da maneira seguinte:

- A integración en novas funcións levará parella a formación práctica e técnica necesaria.

- A promoción a nivel superior de polivalencia unha vez demostrado o dominio do nivel de polivalencia, en cantidade e calidade.

- Se a calidade, cantidade, nivel de participación, cumprimento de normas de seguridade e capacidade de formación, se é o caso, non fosen satisfactorias e non permitisen unha proposta de evolución, as razóns das insuficiencias serán precisadas no curso dunha entrevista coa persoa traballadora coa presenza dalgún representante do Comité de Empresa, e, confirmadas por escrito.

Art. 51) Roupa de traballo

A empresa dotará ao seu persoal das adecuadas prendas de traballo. O uso delas será obrigatorio para a estancia dentro da área de planta taller.

Todo o persoal, excepto o administrativo e técnico, percibirá dous equipos completos consistentes en: dous pantalóns, dous polos ou dúas camisetas, dúas cazadoras ou dúas sudadeiras ou forro polar.

O persoal administrativo e técnico percibirá dúas batas cada ano ou unha bata e un polo.

Para o persoal que traballe no exterior ou en zonas que se alcancen baixas temperaturas proveráselles a roupa de abrigo e de choiva necesaria.

Nos talleres que se manipulen graxas, pinturas, ácidos ou outras materias corrosivas, o Comité de Seguridade e Saúde Laboral, determinase a dotación adecuada en cantidade e calidade.

Estes equipos serán entregados ao inicio da contratación e nos meses de marzo e setembro.

Art. 52) Dereitos sindicais

Competencias do Comité de Empresa

- 1) Recibir información que se lle facilitará trimestralmente, sobre a evolución xeral do sector económico ao que pertence. Así mesmo, ao Comité de Empresa se lle facilitará en cada reunión ordinaria (reunión trimestral) información sobre: situación da produción e vendas da empresa, previsible evolución de contratación de persoal, absentismo e as súas causas, e das sancións impostas por faltas moi graves.
- 2) Ter a representación colectiva das persoas traballadoras da empresa na negociación do Convenio Colectivo de empresa.
- 3) Coñecer a relación de horas extras polos TC 2 de cada persoa traballadora que as realice.
- 4) Coñecer o balance, a conta de resultados, a memoria e os demais documentos que se dean aos accionistas, e nas mesmas condicións que a estes.
- 5) Coñecer os modelos de contrato escrito que se utilicen na Empresa e recibir da dirección copia básica dos contratos de traballo que se firmen, notificación das prórrogas e dos finiquitos.
- 6) Controlar e vixiar as condicións de seguridade e hixiene no desenvolvemento do traballo na empresa.
- 7) Dispor cada un dos membros do crédito de horas mensuais retribuídas legalmente establecido, para o exercicio das súas funcións sindicais ou de representación.

Os membros do Comité de Empresa que pertencen á mesma central sindical, se o estima conveniente, poderán acumular as horas mensuais retribuídas, que lles correspondan para o desenvolvemento das súas funcións sindicais ou de representación, nun ou varios deles/as.

A vontade de acumular as referidas horas deberá ser comunicada cada mes por escrito ao Departamento de Persoal, con antelación (mínima de tres días) ao comezo do mes ao que lle corresponda a acumulación. Na devandita comunicación deberá estar asinada e facer constar de forma expresa e precisa tanto o excedente do crédito horario mensual como o beneficiario da acumulación.

Será informado de calquera sanción que se imponha pola Dirección da Empresa, mesmo nas correspondentes a infracción leve, e con aplicación en todo caso ao establecido no artigo 55.1º do Estatuto dos traballadores.

Seccións sindicais

A empresa recoñece o dereito á existencia no seu seo das seccións sindicais, nos termos establecidos na Lei orgánica de liberdade sindical n.º 11, do 2 de agosto de 1985.

O delegado sindical, no caso de que conforme o preceptuado artigo 10 da lei anteriormente citada corresponda á existencia del, non terá porque ser membros do Comité de Empresa.

Dereitos dos/as delegados/as sindicais

Serán dereitos dos delegados sindicais os seguintes:

- 1) Asistir ás reunións do Comité de Empresa, Comité de Seguridade e hixiene no traballo e Comités paritarios de interpretación, con voz pero sen voto.
- 2) Ter acceso á mesma información e documentación que a empresa teña que pór a disposición do Comité de Empresa, de acordo co regulado a través da lei, estando obrigados a gardar sigilo profesional nas materias nas que legalmente proceda
- 3) Ter as mesmas garantías recoñecidas pola lei para os membros do Comité de Empresa.
- 4) Ser escoitados/as pola empresa no tratamento daqueles problemas de carácter colectivo que afecten as persoas traballadoras en xeral e aos afiliados ao seu sindicato.
- 5) Ser, así mesmo, informados/as e oídos/as pola empresa con carácter previo, acerca dos despedimentos e sancións que afecten os afiliados ao seu sindicato, cando lles conste de forma que faga fe a Empresa tal condición de afiliado.
- 6) Recadar cotas dos seus afiliados/as, manter reunións con estes e repartir propaganda sindical, todo isto fóra das horas de traballo e sen perturbar a actividade normal da Empresa.

Aplicácese en todo caso ao réxime establecido no artigo 10.3 da Lei orgánica de liberdade sindical.

En todo o non contemplado neste artigo, ateranse ao establecido na Lei orgánica de liberdade sindical.

Art. 53) Pago de nóminas e recibos de salarios

A liquidación das nóminas de todo o persoal, levará a efecto os días 30 do mes ao que correspondan. Os conceptos variables de cada mes serán aboados a mes vencido, para cubrir unha media dos devanditos importes entregárase a conta a cantidade de 200 € a toda persoa traballadora, a dita cantidade será regularizada na correspondente liquidación á finalización da relación laboral.

Durante a vixencia do presente Convenio, a Empresa porá en marcha a posibilidade de recibir os recibos de nómina a través de medios informáticos.

Así mesmo, establécese como recibo individual de salarios o modelo actualmente vixente, salvo que por modificacións ou implantacións de novos sistema de nómina, fixesen necesario aplicar outro modelo.



Art. 54) Xubilación forzosa

Co fin de mellorar a estabilidade no emprego, a contratación de novas persoas traballadoras e con iso conseguir unha adecuada substitución xeracional, establécese a xubilación obrigatoria á idade en que cada persoa traballadora poida xubilarse ordinariamente. En consecuencia, cumprida a dita idade, a persoa traballadora causará baixa no cadro da Empresa, salvo que non reúna o tempo mínimo de carencia para causar dereito á pensión de xubilación, nese caso poderá continuar traballando o tempo indispensable para iso.

Art. 55) Xubilación parcial

As persoas traballadoras poderán acollerse á xubilación parcial ao amparo de a normativa legal vixente en cada momento e do acordo colectivo alcanzado entre a empresa e o Comité de Empresa sobre o plan de xubilación parcial e contrato de substitución de data 25 de marzo de 2013, sempre que reúnan as condicións legalmente esixidas para causar dereito á pensión contributiva de xubilación.

As condicións que se establecen para ter acceso a esta xubilación parcial serán as seguintes:

1. O acceso á xubilación parcial terá carácter voluntario tanto para a persoa traballadora como para a empresa a cal, en función do número de solicitantes, do carácter do posto de traballo desenvolvido polo/a petionario/a ou doutras circunstancias de orde económica, produtivo, organizativo ou lexislativo, poderá pospor a solicitude de xubilación parcial que leva asociada a contratación dun relevista, por un tempo máximo de seis meses.

2. A redución de xornada a practicar con aqueles que accedan á xubilación parcial, unha vez aceptada pola Empresa a súa solicitude, será o máximo legal permitido, pola Lei reguladora.

3. A solicitude deberase remitir á empresa cunha antelación mínima de tres meses á data establecida de xubilación parcial, salvo no caso do persoal técnico, administrativo e profesionais, nos que o aviso previo será de seis meses.

4. O % restante de xornada que corresponde de traballo efectivo acumularase nos meses inmediatamente seguintes á xubilación parcial e a xornada completa. Aínda cando a empresa poderá optar por retribuír sen esixir a cambio a prestación efectiva de servizos e sen prexuízo da aplicación da seguinte escala de bonificacións:

1. Con trinta ou máis anos de antigüidade na empresa, recoñécese unha dispensa absoluta do 15% do traballo sobre o tempo establecido no apartado 4.

2. Con vinte anos de antigüidade na empresa e até vinte e nove, recoñécese unha dispensa sobre o 50% do traballo do 15% do tempo establecido no apartado 4.

3. Todo isto sen prexuízo do acordo ao que poida chegar a persoa traballadora e a empresa.

4. Ata que a persoa traballadora xubilada parcialmente chegue á idade ordinaria de xubilación a empresa deberá manter un contrato de relevo nos termos establecidos pola lexislación vixente, podéndose concertar con outra persoa traballadora en situación de desemprego ou que teña concertado coa empresa un contrato de duración determinada.

5. A implantación, posta en marcha e execución do programa de xubilación parcial será compatible con outras medidas que se poidan adoptar para a adaptación do persoal do centro de traballo ás previsións do programa de produción. Así mesmo, a contratación temporal baixo a modalidade de substitución será compatible coas restantes modalidades de contratación temporal actualmente practicadas.

6. Nos casos de discrepancias entre as partes remitirase a cuestión á Comisión Paritaria que resolverá no ámbito das súas funcións e no prazo máximo de trinta días.

Art. 56) Política de igualdade de oportunidades home/muller

As partes asinantes do presente convenio entenden que resulta necesario establecer as garantías necesarias para que o dereito fundamental á igualdade de trato e oportunidades entre homes e mulleres no traballo, sexa real e efectivo.

Por iso, e ao obxecto de cumprir co establecido na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes así como para adaptar o contido do Plan de Igualdade aos novos requirimentos dispostos no Real Decreto Lei 6/2019, de 1 de marzo, de medidas urxentes para garantir a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación, ambas as partes negociaron un Plan de Igualdade para a entidade mercantil Faurecia Automotive España, SA e que coa súa firma aplica a todos os centros de traballo desta, contando co alcance, formalidades e contido establecidos pola propia lei, por medio do cal se adoptan as medidas necesarias para evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes.

Este plan de igualdade fixa os obxectivos de igualdade a alcanzar, as estratexias e prácticas a adoptar para a súa consecución, así como o establecemento de sistemas eficaces de seguimento e avaliación dos obxectivos fixados, e contempla, entre outras, as materias de acceso ao emprego, clasificación profesional, promoción e formación, retribucións, ordenación do tempo de traballo para favorecer, en termos de igualdade entre mulleres e homes, a conciliación laboral, persoal e familiar, e prevención do acoso sexual e do acoso por razón de sexo.

Plan de igualdade

Faurecia Automotive España, SA, xunto coa representación legal dos traballadores declaran o seu compromiso no establecemento e desenvolvemento de políticas que integran a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, sen discriminar directa ou indirectamente por razón de sexo, así como no impulso e fomento de medidas para conseguir a igualdade real no seno da organización, establecendo a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres como principio estratéxico de nosa política corporativa e de recursos humanos, de acordo coa definición do dito principio que establece a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

